

## 2.-A política agraria

A política agraria española experimentou unha gran transformación tras o ingreso na Comunidade Europea no ano 1986 e a adopción da PAC.

### a) A política agraria desde ½ do s.XIX ata a adopción da PAC



- Trata de modificar o **sistema de propiedade da terra**, pero tivo un alcance limitado.


- ↳
  - Desamortización do s.XIX.
  - Reforma Agraria da Segunda República.
  - Colonización e extensión do regadío no franquismo.

*Poboado de Colonización de Sacramento, Sevilla, 1965*



- **Proteccionismo comercial**, establecendo aranceis aos produtos procedentes do exterior, para evitar a competencia.

- Introducción de melloras técnicas e extensión do regadío para **aumentar os rendementos**.



- **O inadecuado tamaño das explotacións** abordouse mediante a **concentración parcelaria** (ver sistemas de propiedade) e a lexislación sobre grandes terreos, que se iniciou co franquismo e modificouse co inicio da Transición (*Lei de Fincas Manifestamente Mellorables, 1979*). Para evitar a existencia de grandes terreos incultos obriga aos seus propietarios a presentar un plan de mellora; se non se cumpre deberán arrendar forzosamente a terra durante 12 anos.



Por la expropiación forzosa de las tierras de la Duquesa de Alba

*A Duquesa de Alba posúe en España 34.000 hectáreas de terra, mentres que 800.000 xornaleiros non teñen onde cultivar.*


## b) A PAC e as súas repercusións

► Os obxectivos iniciais da PAC, creada no ano 1962 para regular as cuestións agrarias da *Comunidade Económica Europea*, eran:

- Aumentar a produción agraria, concedendo axudas para modernizar as explotacións.
- Garantir un nivel de vida xusto aos agricultores, para isto, garante uns prezos mínimos de venda dos produtos agrícolas e intenta evitar a competencia dos produtos agrícolas procedentes do estranxeiro.
- Asegurar o abastecemento aos consumidores a prezos razoables.



- Os **resultados** da primeira aplicación da PAC foron unha enorme elevación dos prezos agrarios comunitarios, a acumulación de grandes cantidades de excedentes dalgúns produtos (cereais, viño, leite, manteiga, carne de vacún...), vendidos con grandes perdas no mercado internacional e un aumento do deterioro ambiental pola intensificación da produción.



► Esta situación obrigou a realizar diversas **reformas da PAC**. O seu obxectivo xa non é aumentar a produción, senón lograr o **desenvolvemento rural e a protección ambiental** para crear unha agricultura ecolóxica e economicamente sostible. Os mecanismos para logralo foron:

- Almacenamento ou destrución dos excedentes para evitar o afundimento dos prezos. A exportación dos excedentes e diminución dos prezos mínimos para facelos máis competitivos no mercado internacional, concedéndolles subvencións aos agricultores para compensar a diferenza cos prezos mundiais.
- A redución de excedentes mediante xubilacións anticipadas, imposición de cotas aos produtos excedentes (cereais, lácteos...), a extensificación da produción volvendo ao barbeito, a reorientación da produción cara a produtos novos...
- A detención da degradación do medio incentivando a agricult. biolóxica, a reforestación...
- O aumento dos fondos destinados ao desenvolvemento rural para frear o despoboamento e conservar o patrimonio natural e sociocultural (infraestruturas, diversificación económica, turismo...).

Pese a ser a clave que permite manter hoxe activas boa parte das explotacións agrarias, a PAC enfróntase a certas **críticas** debido a que absorbe parte importante do orzamento total comunitario, o que non se corresponde co peso relativo deste sector e a que supón un proteccionismo do seu mercado interior que frea as posibilidades de que países do Terceiro Mundo exporten a el os seus produtos, moitas veces máis baratos.



## ► A política agraria comunitaria e as repercusións para España.

### • España integrouse no mercado común europeo

- No mercado interior existen *Organizacións Comúns de Mercado* (OCM) que fixan prezos máximos e mínimos de determinados produtos. Cando non se alcanza os mínimos a UE realiza intervencións para evitar a caída dos prezos.

- Compravenda de produtos, almacenamento...
- Redución da oferta mediante a retirada do produto do mercado.
- Destino da produción a outras saídas.

Os prezos españois, baixos no momento da entrada na Comunidade Europea en 1986, subiron progresivamente, o que estimulou a produción.



- **No mercado exterior** → As exportacións europeas reciben axudas ou *restitucións* cando teñen que venderse no mercado mundial por debaixo do prezo mínimo establecido.

Os produtos importados desde fóra da Comunidade, pagan un arancel, para dar preferencia aos comunitarios. España reduciu as compras noutras áreas en favor da Unión.



- Nun principio pensouse que a incorporación podía ser moi beneficiosa para a España, pois o **libre comercio europeo** permitía acceder a un mercado de millóns de consumidores, onde poder vender os excedentes agrícolas de trigo, viño, aceite, froitas, hortalizas...

Pero para sacar proveito desa situación, o sector agrario español tivo que facer un grande esforzo para modernizarse e aumentar a calidade, a competitividade e a produtividade das explotacións. Nesta tarefa contou coa chegada dos *Fondos estruturais europeos*.




• España viuse afectada polos problemas da actividade agraria comunitaria e polas medidas adoptadas para combatelos nas sucesivas reformas da PAC anteriores á do ano 2013.

- **Os elevados prezos dos produtos** en relación cos do mercado mundial obrigaron a reducir os prezos mínimos...

- **A existencia de excedentes agrícolas e gandeiros** (cereais, viño, leite, carne de vacún...) levou a:

- Abandono da actividade, xubilacións anticipadas.
- Cotas de produción.
- Extensificación da produción, incentivando o barbeito e a silvicultura.
- Reorientación da produción cara a novos produtos, non excedentarios.



- O despoboamento de moitas áreas rurais desfavorecidas pode levar á desaparición de paisaxes agrarias tradicionais e ao deterioro ambiental. Para evitalo, intensificouse a política de *desenvolvemento rural*, que busca a diversificación económica do mundo rural, que favoreza empregos alternativos, por exemplo, desenvolvemento da industria agroalimentaria, turismo rural...

- Pretendíase dar aos agricultores europeos certa liberdade para producir o que o mercado demandase, **desde 2006 estableceuse unha axuda única** para cada explotación independente do volume da produción, pero esas axudas debían estar vinculadas ao respecto ao medio ambiente, á seguridade e sanidade dos alimentos e ao benestar animal.



SEMINARIO ESTATAL  
SECTOR DE PORCINO

**COAG**

*Retos del ganadero de porcino respecto a la normativa de bienestar animal*

11 de Abril de 2012 Calamocha-Teruel  
Hotel Calamocha. Ctra. Sagunto Burgos 192

www.coag.org

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, GANADERÍA Y PESQUERÍA

UNIÓN EUROPEA Fondo Social Europeo



**Rural Es**

Programa de Desarrollo Rural Sostenible

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

Gobierno de Navarra



- As rexións españolas víronse afectadas de forma distinta pola PAC.
  - As áreas que contan con producións excedentarias ou pouco competitivas na UE sufriron problemas, é o caso da zona cantábrica, moi dependente da gandería bovina, e as zonas de cereal e viñado do interior peninsular.
  - Sen embargo, foron positivas para o litoral mediterráneo e andaluz, que atopou un gran mercado para os seus produtos hortofrutícolas.



## ► A PAC actual.


- Desde a década de 1990 sucedéronse diversas reformas, baseadas nun modelo posprodutivista, cuxo obxectivo é a sostibilidade ou combinación da competitividade co coidado medioambiental. O resultado foi certa redución dos problemas anteriores, como o dos excedentes, que levou a suprimir as cotas desde 2015.



- Na actualidade, a reforma da PAC de 2013 pretende facer fronte aos novos retos da agricultura. Os seus obxectivos son: garantir a **seguridade** alimentaria proporcionándolles aos europeos alimentos seguros, variados e de calidade; conseguir unha agricultura **sostible**, e contribuír ao **desenvolvemento territorial** das rexións agrarias mantendo a poboación, creando emprego e diversificando a súa economía a través da implantación de novas actividades agrarias e doutras actividades económicas.



PAC/Cajas OCM



OCM



Ayuda PAC por producción

Ayuda PAC por superficie

Sostenibilidad

Biodiversidad y protección del medio ambiente

Agricultura en toda Europa

Crecimiento verde

Seguridad alimentaria y comercio justo



Nuevas orientaciones de la actividad agraria

UN FUTURO VIABLE PARA LA AGRICULTURA EUROPEA



- **As medidas para alcanzar os obxectivos da PAC estrutúranse en dous piares:**

- O **primeiro pilar** da PAC financia os pagamentos de mercado e as axudas directas a través do **FEAGA** (*Fondo Europeo Agrícola de Garantía*).
- O **segundo pilar** da PAC financia o desenvolvemento rural a través do **FEADER** (*Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural*).

## Los dos pilares de la PAC

- Las políticas que se financian a través del **FEAGA**, constituyen lo que en el lenguaje comunitario se denomina actualmente **primer pilar** de la PAC.

Medidas de pago único, cuyos beneficiarios son los agricultores y las empresas agrarias, que apuntan a la modernización técnica, social y ambiental de los procesos de producción agrícolas y pecuarios.



- Las medidas con lógica territorial, junto a las de transformación agraria, han pasado a formar la nueva política de desarrollo rural europea y constituyen el llamado **segundo pilar** de la PAC, financiado a través del **FEADER**.

Nuevas medidas con lógica territorial y multisectorial que favorecen a la población rural en su conjunto y no sólo a los agricultores.

Incluyen incentivos y subvenciones para la renovación y el desarrollo de los pueblos rurales, la protección y conservación del patrimonio rural, el fomento del turismo y las artesanías rurales, la comercialización de productos agrícolas de calidad, los servicios básicos para la economía y la población rurales, y la diversificación de actividades en el ámbito rural



Páx. 156






**Unión Europea**  
Fondo Europeo Agrícola  
de Desarrollo Rural



- O **FEADER** (*Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural*) financia os programas de desenvolvemento rural, que buscan o aumento da competitividade agraria, a mellora do medio ambiente e do contorno rural e a diversificación económica.

- O **FEAGA** (*Fondo Europeo Agrícola de Garantía*) substitúe desde 2006 o *FEOGA* (*Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria*). Financia as intervencións destinadas á regulación dos mercados agrarios; as axudas ou restitucións á exportación; as axudas directas aos agricultores e gandeiros; a promoción dos produtos agrarios europeos no interior e no exterior da UE; e as axudas á reestruturación e diversificación da produción.



## TRANSFORMACIONES RECENTES NA ESTRUCTURA AGRO-PECUARIA ESPAÑOLA

O espazo rural é o territorio non urbanizado (ambigüidade do concepto): Tradicionalmente foi case en exclusiva un espazo agrario, onde se desenvolvían as actividades agrícolas, gandeiras e forestais. Desde a década dos 70 introducíronse outras actividades (industriais, terciarias, residenciais, recreativas ou paisaxístico-conservacionistas) e como resultado, o espazo rural volveuse máis heteroxéneo e complexo.

### A POBOACIÓN RURAL

#### A POBOACIÓN ACTIVA AGRARIA

- Escasa e con contrastes rexionais (cfr., País Vasco, 1% vs Murcia, 8%).
- A crise económica acelerou a actividade a tempo parcial.

#### TENDENCIAS DEMOGRAFICAS DESDE OS 90

- Descenso e envellecemento e recuperación e rexuvenecemento, segundo o dinamismo das áreas rurais

### AS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

#### DESCENSO DO NÚMERO E CONCENTRACIÓN DE TERRAS

- Por abandono e por venda ou arrendamento.
- Tendencia a unha dualidade explotación familiar vs empresa agraria

#### O REXIME DE TENZA

- A relación propiedade e uso da terra (tenza directa, arrendamento e parzaría).
- Actualidade: tenza directa, 70%.

### TÉCNICAS E SISTEMAS AGRARIOS

#### CAMBIOS DESDE OS 70

- Cambios técnicos por mecanización de tarefas, selección xenética de sementes e razas, uso de fitosanitarios, etc.
- Cambios nos sistemas por intensificación da produción (eficiencia e produtividade).

### NOTABLE DESENVOLVEMENTO DO SECTOR GANDEIRO

- Importancia económica: Representa o 40% da produción final agraria.
- Importancia da gandería estabulada (reflicte menor dependencia dos factores naturais)
- Selección de razas en función de rendementos (cfr., a substitución das razas autóctonas)

### ESTRUTURA GANDEIRA

#### DESTINO DA PRODUCCIÓN

- Principalmente para consumo humano (cfr., o forte consumo de carne, ovos e leite).

### TRANSFORMACIÓNS IMPORTANTES

- Crecente especialización dos cultivos (cfr., paso do policultivo ao monocultivo).
- Maior investimento do capital (maquinaria, bonificación de solos e sementes seleccionadas).
- Incremento da superficie de regadío.
- Novas técnicas (cultivo baixo plástico, enarenado, etc.)

### PROBLEMAS ESTRUCTURAIS

- Escasa competitividade (só rendibles con políticas de subvención ou de prezos protexidos).
- Progresivo despoboamento e envellecemento do rural.
- Redución dos empregos agrarios pola optimización técnica do traballo
- Ingresos medios inferiores respecto dos sectores industrial e terciario.
- Crecente impacto medioambiental por agroquímicos.

### A POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PAC)

#### A PAC UN FACTOR CLAVE NON EXENTO DE CRITICA

- Absorbe a parte importante do orzamento comunitario
- Supón un proteccionismo de seu mercado interior
- As axudas se vinculan ao tamaño das explotacións (o 20% das explotacións reciben o 80% das axudas)

### ACTOS DE PROMOCIÓN DO SECTOR AGRARIO

- Establecemento de prezos de garantía
- Establecemento de cotas máximas de produción
- Axudas para a modernización das explotacións e para a incorporación de novos agricultores
- Axudas especiais para áreas de montaña ou zonas desfavorecidas
- Apoio para a diversificación económica do mundo rural
- Apoio á forestación de terras agrícolas e á agricultura e gandería ecolóxicas.